PAU. CONVOCATORIA ORDINARIA
XUÑO 2026
CRITERIOS AVALIACIÓN
LITERATURA DRAMÁTICA. CÓDIGO 83

NOTA PREVIA

No novo decreto fálase de que, en toda pregunta que implique redacción, o valor mínimo da corrección formal e ortográfica do texto debe ser o 10 %. Dado que no noso exame todas as preguntas implican redacción, consideramos que o máis práctico é aplicar esta norma no conxunto do exame: unha vez aplicados os criterios de corrección e avaliado o exame completo, haberá que ter en conta a corrección formal e a destreza da alumna ou alumno no uso escrito da lingua. Descontarase da cualificación global obtida no exame ata un máximo de 1 punto por erros ortográficos e por erros no uso do léxico.
Nas preguntas nas que hai optatividade, se o alumnado contesta máis apartados dos que se solicitan, avaliaranse só os primeiros.

PREGUNTA 1. CREACIÓN DE TEXTOS. (2,5 puntos)

Elabore unha escena partindo do seguinte diálogo. Incorpore unha acoutación inicial que recolla a descrición física e psicolóxica dos personaxes e o espazo escénico. Ademais, deberá presentar como mínimo unha acoutación técnica (sobre luz e son), dúas acoutacións interpretativas (relativas á emoción, o ton ou a intención) e dúas acoutacións de movemento escénico (indicacións de desprazamento, xesto ou acción física)**.**

Criterios de corrección:

1. Adecuación coherente ás pautas propostas e texto de partida, así como demostración do coñecemento dos trazos formais dun texto dramático (1,25 puntos). Tramos:
    i. 1,00-1,25 Cumpre todas as pautas: acoutacións, formato dramático correcto con diálogo claro, acoutacións ben integradas e diálogo proposto integrado de forma natural.
    ii. 0,75-0,99 Cumpre case todas as condicións, pero presenta algunha pequena carencia (falta de precisión na descrición inicial ou un tipo de acoutación errada). Estrutura xeral correcta.
    iii. 0,50-0.74 Cumpre parcialmente as pautas: falta algún elemento obrigatorio. Estrutura dramática recoñecible pero con erros formais.
    iv. 0-0,49 Non respecta as pautas fundamentais: ausencia de varias acoutacións esixidas ou formato non dramático. Uso incorrecto do texto de partida.
2. Orixinalidade no plantexamento e desenvolvemento da escena/secuencia dramática (0,25 puntos). Tramos:
    i. 0,21-0,25 Propón unha situación creativa, interesante e pouco previsible. Desenvolvemento persoal con elementos innovadores.
    ii. 0.11-0.20 Presenta certa creatividade, aínda que con ideas algo previsibles ou convencionais.
    iii. 0-0,10 Escasa orixinalidade; situación tópica ou reiterativa sen desenvolvemento persoal claro.

3. Adecuación da linguaxe dos personaxes ás súas características psicolóxicas e á evolución do conflito dramático (0,25 puntos). Tramos:
    i. 0,21-0,25 A linguaxe axústase perfectamente ás características psicolóxicas e á evolución do conflito; rexistro natural e coherente.
    ii. 0,11-0,20 Linguaxe coherente en xeral, aínda que con algunha falta de precisión ou matiz.
    iii. 0-0,11 Linguaxe pouco diferenciada ou incoherente cos personaxes e situación.
4. Dominio da acción dramática e da progresión do conflito (0,50 puntos). Tramos:
    i. 0,41-0,50 Escena ben estruturada: hai conflito claro, progresión dramática fluída e desenlace ou cambio significativo.
    ii. 0,26-0,40 Existe conflito e certa progresión, aínda que algo irregular ou pouco intensa.
    iii. 0,11-0,25 Conflito pouco desenvolvido ou progresión lineal sen apenas evolución.
    iv. 0-0,10 Non hai conflito claro nin progresión dramática.
5. Presenza de trazos de estilo e calidade literaria (0,25 puntos). Tramos:
    i. 0,21-0,25 Textos coidado, expresivo e con recursos literarios (imaxes, ritmo, intensidade). Sen erros relevantes.
    ii. 0.11-0,20 Redacción correcta con certo coidado estilístico, pero sen destacar especialmente.
    iii. 0-0,10 Estilo pobre, repetitivo ou con erros que dificultan a lectura.

PREGUNTA 2. SABERES BÁSICOS. (2,5 puntos)

Responda un destes dous apartados:

2.1. Con exemplos de obras vistas ou lidas na clase, defina os seguintes termos teatrais: a) acto; b) escena. **(2,5 puntos)**

2.2. Con exemplos de obras vistas ou lidas na clase (mínimo dous), explique a función do conflito nunha obra dramática. **(2,5 puntos)**

Criterios de corrección

1. Precisión na definición do concepto (1 punto).
    i) 1,00: define con precisión e rigor os conceptos solicitados empregando terminoloxía adecuada do ámbito teatral.
    ii) 0,75: definición correcta pero con pequenas imprecisións ou menor profundidade conceptual.
    iii) 0,50 Definición parcial ou incompleta; falta de claridade ou rigor terminolóxico.
    iv) 0-0,25: definición incorrecta, moi vaga ou ausencia de difinición.

2. Valoración da súa funcionalidade e relevancia na escritura dramática (1 punto).
    i) 1,00: explica de maneira clara e razoada a función dos conceptos na estrutura e no desenvolvemento dunha obra dramática. Relaciona o concepto coa construción dun texto teatral.
    ii) 0,75: explicación válida pero pouco desenvolvida.
    iii) 0,50: explicación superficial ou pouco clara da función dramática.

iv) 0-0,25: non explica a función ou faino de maneira incorrecta ou irrelevante.

3. Mención e adecuada contextualización de exemplos (0,50 puntos). Pídese que se cite obras vistas ou lidas na clase e que se relacione correctamente o concepto coa obra/s. Debe haber contextualización.
   i) 0,50: Inclúe exemplos pertinentes de obras vistas ou lidas na aula (mínimo dous no caso do conflito), correctamente contextualizados e ben relacionados co concepto.
   ii) 0,25: Inclúe exemplos pero con escasa contextualización ou relación pouco clara co concepto.
   iii) 0: Non inclúe exemplos ou son incorrectos.

Na pregunta 2.1. avalíase que o alumnado diferencie con claridade ambos conceptos e explique a súa relación na estrutura da obra e na 2.2. é imprescindible que explique a súa función como motor da acción, incluír un mínimo de dous exemplos e relacionalo co desenvolvemento da trama

PREGUNTA 3. EXPRESIÓN DO CRITERIO PERSOAL. (2,5 puntos)

Responda un destes dous apartados:

3.1. A dramaturga Marta Pazos manifesta que "neste tempo, como artista, é importante visibilizar aqueles temas que persoalmente me preocupan, algo que ten que ver coa perda de dereitos relacionados coa identidade. Paréceme indicado utilizar o altofalante que eu teño, o espazo artístico do que dispoño, para tratar temas tan importantes que lle está mesmo custando a vida á xente" (*Vanity Fair*, 21/05/2025). A partir destas palabras, reflexione sobre o concepto de "arte comprometida" e xustifique a súa resposta debatendo se a arte debe ser unha ferramenta de transformación política ou se debe manter a súa autonomía estética.
(2,5 puntos)

Criterios de corrección: O obxectivo da pregunta é que o alumnado desenvolva libremente un comentario crítico, razoado e persoal a partir dunha cita sobre dramaturxia no que se evidencien os coñecementos teóricos adquiridos na aula e a súa capacidade reflexiva.

1. Precisión no uso dos conceptos empregados (1,25 puntos). O obxectivo fundamental é que o alumnado empregue e defina conceptos clave como *arte comprometida*, *autonomía estética* e *arte como transformación política*, de tal modo que relacione estes conceptos teóricos coa cita.
2. Calidade da argumentación crítica, capacidade reflexiva e valoración persoal fundamentada (1,25 puntos). O obxectivo é que desenvolva unha argumentación crítica sólida e madura que debata de forma equilibrada a tensión entre a función social da arte e o seu valor estético puro, xustificando cada afirmación e empregando obras, experiencias ou ideas propias que relacionen o texto coa realidade do alumando ou o contexto actual.

3.2. O dramaturgo Juan Mayorga sinalou que "O teatro debería ser un lugar do que fuxisen os covardes. Deberiamos facer un tipo de teatro que espantase ao covarde nada máis ver a porta do lugar que conduce ao escenario. Daríase conta de que alí pode sucederlle algo

perigoso e desestabilizador, desde como se relaciona cos demais ata a maneira que xestiona a súa memoria. Non hai causa sen efecto: quen pon no seu balcón unha flor está a embelecer o mundo, que se converte en algo distinto por ese xesto de agarimo cara á natureza e os demais. Grandes obras como *Rei Lear* ou *A vida é soño* poden transformar a algúns dos seus espectadores" (*La Rioja*, 22/06/2014). Explique o significado desta frase e realice unha valoración persoal. **(2,5 puntos)**

Criterios de corrección: O obxectivo da pregunta é que o alumnado desenvolva libremente un comentario crítico, razoado e persoal a partir dunha cita sobre dramaturxia no que se evidencien os coñecementos teóricos adquiridos na aula e a súa capacidade reflexiva.

1. Precisión no uso dos conceptos empregados (1,25 puntos). O obxectivo fundamental é que o alumnado identifique a comprensión do teatro, por parte de Juan Mayorga, como espazo de risco, incomodidade ou transformación e reflexión social e persoal. Tamén se podería atopar outras referencias implícitas como a función ética/crítica do teatro ou o seu efecto no espectador.
2. Calidade da argumentación crítica, capacidade reflexiva e valoración persoal fundamentada (1,25 puntos). O obxectivo é que o alumnado desenvolva unha explicación clara do sentido da cita, é dicir, do teatro como experiencia desestabilizadora e transformadora, engadindo a súa opinión persoal (se está de acordo o en desacordo) ben xustificada e con exemplos de obras, experiencias ou ideas propias, para mostrar a súa capacidade reflexiva e comparativa coa realidade ou co contexto actual.

PREGUNTA 4. INTERPRETACIÓN DE OBRAS TEATRAIS. (2,5 puntos)

Responda un destes dous apartados:

4.1. Realice o comentario (resumo da escena, análise do contido, personaxes, análise da forma e valoración persoal) **dun dos dous** seguintes fragmentos**. (2,5 puntos)**

- **William Shakespeare, *Otelo*, Acto III, Escena III (Tradución de Miguel Pérez Romero, Editorial Galaxia, 2006, pp. 78-70).**

- **Molière, *Tartufo*, Acto I, Escena IV [tradución Loli Ramos, Edicións Positivas / Agadic, pp. 30-31]**

4.2. Realice o comentario (resumo da escena, análise do contido, personaxes, análise da forma e valoración persoal) **dun dos dous** seguintes fragmentos. **(2,5 puntos)**

- **Griselda Gambaro, *Decir sí* [*Hispamérica*, núm. 21, pp. 75-76].**

- **Luigi Pirandello, *Seis personaxes á procura de autor* [Trad. de Xosé Manuel Pazos, IGAEM, 2005, pp. 161-162]**

Criterios de corrección:

Comentar e analizar un fragmento das obras propostas, engadindo unha reflexión crítica persoal:

1. Identificación da obra e da autoría, do xénero e do subxénero; localización do fragmento respecto á totalidade da obra; relación co contexto histórico ao que pertence e identificación dalgunhas características propias do movemento literario ao que pertence (0,25 puntos).
2. Análise do contido: capacidade de síntese ao efectuar o resumo do fragmento proposto; identificación, xustificación e valoración do tema, subtema, motivos e tópicos presentes, xunto á determinación do conflito da escena co seu correspondente clímax, se houber; descrición e xustificación da estrutura interna coa división correspondente en partes (1 punto).
3. Análise da forma: descrición e xustificación da estrutura externa e interna coa indicación dos apartados do texto; caracterización dos personaxes e función que desempeñan no fragmento; análise do diálogo, das anotacións escénicas, do espazo e do tempo dramático, así como dos aspectos textuais e recursos literarios (1 punto).
4. Valoración crítica persoal fundamentada, na que se terá en conta positivamente que o alumnado relacione o texto ou algún dos seus elementos con outras obras dramáticas ou con outras linguaxes artísticas, como o cinema (0,25).